



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2017/17 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|---------------------------|--|
| Tipo Convocatoria | Extraordinaria Motivo: «PARA CUMPRIMENTO DOS PRAZOS ESTABLECIDOS PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2018.» |
| Data | 17 de novembro de 2017 |
| Duración | Desde as 20:30 ata as 21:50 horas |
| Lugar | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| Presidida por | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS |
| Secretaria acctal. | MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|---------------------------------|--------|
| 52470281J | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | NON |
| 52472017R | AMALIA GOLDAR CORA | SÍ |
| 35436150G | ANA MARIA ASOREY BREA | NON |
| 44827857Y | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| 44843918J | EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ | SÍ |
| 52472456A | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| 76866604Y | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| 52470095B | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |
| 44089524L | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
| 35255897W | LUIS MANUEL LOZANO LORENZO | SÍ |
| 52471166R | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |

Concello da Estrada



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

| | | |
|-----------|------------------------------------|-----|
| 76796340F | MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA | SÍ |
| 76868700D | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| 33244650J | MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS | SÍ |
| 35455186L | MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE | SÍ |
| 76871181Y | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| 35440840W | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| 52472335C | Mª DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| 76859732B | NEMESIO REY PAZOS | SÍ |
| 44091955N | ROMAN SUÁREZ PORTO | NON |
| 44092708Y | SILVIA NEIRA IGLESIAS | SÍ |
| 76860863S | XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS | SÍ |
| 76865922Z | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS | SÍ |

Unha vez verificada pola Secretaria Acctal. a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2017

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada cota do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2017, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidencia a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Inicia a quenda de intervencións o **Sr. Alcalde** pedindo aos presentes que se faga conxuntamente o debate dos puntos a tratar nesta sesión, é dicir, o relativo ao límite máximo de gasto financeiro que marcará o teito de asignación de recursos deste Concello para o Orzamento do vindeiro exercicio e o punto relativo á aprobación do proxecto do Orzamento para o ano 2018, procedendo posteriormente ás súas votacións por separado.

Continua informando que, por ausencia do Concelleiro delegado de Facenda, a introdución e explicación dos puntos a tratar será realizada por el mesmo.

Comeza manifestando a súa comprensión á postura dos grupos políticos da oposición en relación aos prazos establecidos para a aprobación do Orzamento 2018, pero o seu grupo de goberno consideraba moi importante telo aprobado a 1 de xaneiro de 2018, ao abeiro dos requisitos que establece a entrada en funcionamento da administración electrónica, ademais de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



todos aqueles gastos e proxectos que van vinculados a este Orzamento.

Entrando no detalle do proxecto do Orzamento, di que ven marcado pola limitación actual ás Administracións Locais no relativo á xestión dos propios tributos e á participación nos tributos do Estado, e que veñen afectadas pola crise económica que se está a padecer no noso país. Establécese un teito de gasto, é dicir, que dende fai cinco anos fíxase un límite que ven marcado polos Orzamentos do Estado, e que esta ano é o 0,5 %, o que, xunto coa estimación de ingresos, temos limitado o gasto. Sen embargo, ao ter este Concello un nivel de endebedamento baixo, non se ten que soportar unha elevada carga financeira, o que é beneficioso; sen embargo, o 82% do importe do Orzamento vaise nos Capítulos I e II, o que podería ser discutible, pero no relativo ao Capítulo I non hai alternativa, sendo a única variación a destacar a partida de incendios, onde obsérvase 22.000,00 € de diferenza que se debe ás indemnizacións que se deberán de pagar aos membros do Grupo de Emerxencias municipais cando se produzan os seus despidos, todo debido ao Convenio asinado coa Xunta e que finaliza no ano 2018, non existindo na actualidade a previsión de outras sentenzas xudiciais. Tamén destaca a actualización dos salarios dos funcionarios que supón aproximadamente 50.000,00 €, polo demais o Cadro de Persoal non varía.

(INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS, SENDO AS 20: 45 H)

No que respecta ao Capítulo II, o Sr. Alcalde di que consume unha parte importante dos recursos municipais, xa que nel se contempla a actividade ordinaria do concello (vías e obras, alumado público, servizos sociais, cultura, deportes, abastecemento de augas,...), aclarando que este incremento de gastos neste capítulo débese, esencialmente, a que non existe ningún servizo privatizado, ademais da falta de persoal funcionario nos servizos básicos o que conleva á contratación de persoal con carácter temporal ou eventual.

(INCORPÓRASE Á SESIÓN O CONCELLEIRO DO PSdeG-PSOE D. EDUARDO J. DAVILA RODRÍGUEZ, SENDO AS 20: 50 H)

Di que este Capítulo increméntase, con respecto ao deste ano, nun 1,72%, sendo as variacións máis destacables:

- Unha redución de 50.000,00 € de proxectos en Urbanismo.
- Redución de 30.000,00 € en proxectos técnicos.
- No servizo de Sumidoiros faise un axuste de 20.000,00 € que van vinculados ás depuradoras no rural, e determinado pola necesidade de adxudicar a xestión da EDAR e demais depuradoras, considerando que cos recursos municipais sería suficiente para facer esta actuación.
- Báixase 30.000,00 € no servizo de Augas no relativo a traballos e estudos técnicos, derivado da actualización da rede e xa non hai necesidade de contemplar fondos para as reiteradas reparacións existentes anteriormente, quedando tan só a mellora da rede na Avda Fernando Conde, para o que se buscará fondos no ano 2018.
- En residuos existe unha diferenza de 350.000,00 €, derivada da supresión do Plan de Colaboración Social vinculado a este capítulo (persoal que prestaba servizos á recollida de lixo) e a elaboración dun novo Plan de Emprego Municipal, polo que eses cartos pasan a outra partida relativa á promoción de emprego.
- En Alumado Público se aumenta a cantidade de 100.000,00 €, por mor da adhesión ao sistema de facturación da FEMP (que suporá un aforro efectivo no subministro de enerxía eléctrica entre outros beneficios como a factura única), e que traerá a necesidade de licitar o servizo de subministro eléctrico.
- En parques e xardíns as partidas redúcense en aproximadamente en 15.000,00 € no



relativo a traballos técnicos.

- En Servizos Sociais incrementáse a partida destinada á axuda a domicilio, chegando aos 600.000,00 € para manter o servizo de axuda no fogar, sendo o obxectivo do grupo de goberno para o vindeiro ano a licitación do nomeado servizo.
- No capítulo IV de Servizos Sociais incrementáse 20.000,00 € por mor dunha subvención directa da asociación AGADEA, sendo o obxectivo a posta en marcha no primeiro trimestre do 2018 o novo Centro de Día nas instalacións do novo Mercado.
- En sectores de poboación tamén se sube 50.000,00 €, destinados á posta en marcha da Ludoteca infantil.
- Destínase 25.000,00 € á recuperación dunha festa para persoas maiores.
- Incrementáse en 2.500,00 € a partida destinada á contratación da avogada do CIM.
- O Obradoiro de Emprego segue figurando nos orzamentos para o 2018, xa que se espera conseguilo, polo que se reserva unha partida de 20.000,00 € para este fin.
- En saúde se sube 3.000,00 € para a realización de cursos e actividades que vaian vinculadas ao Plan de Saúde.
- No tema relativo a educación, existe un peque axuste no relativo á ANPA do colexio de Oca, xa que se lle retira a subvención que se lle concedía para comedor escolar ao asumilo a Xunta de Galicia.
- Tamén faise un axuste no referente aos refuxios escolares porque este ano no Plan da Deputación se mercaron e instalaron 30 refuxios.
- Mantéñense as partidas relativas a drogodependencia, voluntariado, protección civil, policía local, normalización lingüística, conservatorio.
- Cultura sube en torno a 60.000,00 €, sobre todo pola celebración da Festa da Sidra, actualización da xestión do Teatro Principal e a creación da figura do Técnico de Cultura.
- A partida de festexos se mantén practicamente igual.
- En deportes, a partida se incrementa en 45.000,00 €, dos cales 25.000,00 € destinados ás escolas deportivas, e o resto para as subvencións deportivas.
- Baixase 100.000,00 € de inversións en Deportes, xa que no ano anterior estaba esta cantidade destinada á merca de material e mobiliario deportivo para o ximnasio da Academia Galega de Seguridade, o que foi adxudicado neste ano.
- As partidas destinadas a agricultura, gandería e turismo se manteñen.
- En promoción comercial se incrementa 10.000,00 € de aportación extraordinaria á Feira do Moble para facer unha reforma no pavillón 3.
- Incrementáse 2.000,00 € a cantidade destinada a proxectos e actividades de fomento de emprego
- En Vías Públicas se sube en 150.000,00 € con respecto ao orzamento do ano 2017 e con destino a asfaltados urbanos e rurais
- Os gastos de xestión do goberno se manteñen igual.
- En administración xeral se observa unha redución de 50.000,00 € por mor da non previsión da existencia de sentenzas xudiciais.
- Obsérvase un incremento de 20.000,00 € para a actualización salarial en base ao establecido polos orzamentos do Estado.
- En servizos económicos se incrementa a partida en 10.000,00 € polas aplicacións de trienios e outras cuestións relacionadas con persoal.

Con respecto á parte de Ingresos, o Sr. Alcalde di que se incrementa o Capítulo I de Ingresos Correntes en 100.000,00 €, pola aplicación da política de xestión tributaria coa Deputación Provincial de Pontevedra e actualización dos diferentes tributos, por exemplo o IBI.

Concello da Estrada



Mantéñense igual os Impostos Indirectos, producíndose un incremento de 10.000 € nas Taxas, por pequenos axustes; en Transferencias Correntes se produce un incremento de 100.000,00 € por mor da estimación na participación nos Tributos do Estado. En Transferencias Correntes se sube aproximadamente 200.000,00 € e se resta sobre 70.000,00 € polo préstamo concertado dentro dos límites legais e dos principios de estabilidade orzamentaria e límite de gastos e endebedamento.

Destaca que o Concello incrementa a súa capacidade inversora con recursos propios, xa que se mantén un investimento de 600.000,00 € dos que só se financian con cargo a préstamos 350.000,00 € .

Con respecto aos informes emitidos pola Intervención e Secretaría municipais dentro do expediente do proxecto do Orzamento para o exercicio 2018, o Sr. Alcalde di que son favorables ao cumprirse con todos os principios e o procedemento na súa elaboración, obténdose así un Orzamento que supera os vinte millóns de euros de inversión directa, pasando a enumerar os proxectos para o ano 2018, tales como o dos xardíns municipais, o de aforro enerxético vinculado á EDUSI, o Plan Concellos da Deputación (do que estamos pendentes de recibir unha inversión de 700.000,00 € para a mellora do servizo de recollida de Lixo), asfaltados de pistas no rural así como vías urbanas, a construción do novo Centro de Saúde, así como outros recursos extras non contemplados neste Orzamento como o Plan Deputación. Ante o anterior, considera que o ano 2018 vai a ser moi importante para o noso Concello, polo que é necesario que o Orzamento entre en vigor a 1 de xaneiro.

Para finalizar, di que entende que existan algunhas cuestións obxecto de debate, polo que se ofrece a aclarar todas aquelas dúbidas que formulen os membros da oposición.

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, queixándose de que o Alcalde destinou máis tempo en explicar o proxecto do Orzamento que aquel que ofreceu á oposición para intervir nas distintas Comisións Informativas, non dándolles a oportunidade de facer alegacións ou propoñer modificacións ao mesmo, sobre todo tendo en conta que tan só se convocou unha Comisión Informativa para o seu debate e, ademais, extraordinaria e urxente.

Continúa dicindo que, a pesares da extensa intervención do Sr. Alcalde, non se lles fala da vontade política que quería o grupo de goberno poñer enriba da mesa para facer os axustes pertinentes nestes orzamentos e intentar buscar acordos, conseguir consensos e aceptar emendas e propostas por parte da oposición; sen embargo, nin sequera intentaron esforzarse nelo.

Di que é certo que se trata dun Orzamento con máis diñeiro que calquera outro de anos anteriores, a pesares da crise, xa que se está a falar dun incremento de 200.000,00 € , grazas ao incremento na recadación e polo aumento da transferencia do Estado; sen embargo, estes cargos non son destinados a gasto social nin a prestación de servizos básicos, xa que a prestación de servizos públicos para o ano 2018 baixan en 326.000,00 €. Lémbrolle que o seu grupo político lle propuxo, na única Comisión Informativa celebrada, axustar o gasto do Concello neses 200.000,00 € sen suprimir ningún servizo. Así mesmo, di que todos son conscientes de que o noso concello ten un maior índice de dependencia a causa dunha poboación cada vez máis maior, así como a necesidade de fixar poboación no rural, polo que debería facerse axustes en partidas de gastos (recomendación feita pola Intervención municipal), considerando que existe posibilidade de facelo ao estarse a facer modificacións técnicas, por exemplo a administración electrónica, que se traducen nun aforro económico. Polo anterior, pensa que tan só é unha cuestión de vontade o mover gastos dun lado para outro, abrindo partidas orzamentarias sen ter que suprimir ningún servizo e así dar un mellor uso a eses douscentos mil euros para, esencialmente, gasto social. Di que esa foi a súa proposta na Comisión Informativa, sen embargo, o grupo de goberno decide inverter esa cantidade nas partidas de festas e festexos, gastos diversos, gastos protocolarios, alumado do nadal,..... Aclara que non se pide que se supriman eses gastos, senón que se axuste a cantidade destinada a estes fins e se cren partidas para gastos sociais en beneficio dos nosos cidadáns e a mellora doutros servizos importantes como a Biblioteca.



Continúa manifestando o seu desencanto coa actitude do grupo de goberno ante a anterior proposta do seu grupo político, coa súa negativa a tela en conta aludindo que non se pode modificar o proxecto de Orzamento, convertendo a ferramenta legal de debate dos Orzamentos nun mero “paripé”, impondo os seus criterios á maioría dos cidadáns estradenses, porque non deben esquecer que os grupos da oposición tamén representan á cidadanía deste concello, polo que lles pide que intenten escoitar as propostas e chegar a acordos. Lembra a Sra. Louzao de que cara á galería o grupo de goberno lles pide propostas para a EDUSI, sen embargo unha vez formuladas fan caso omiso delas; pero no caso do Orzamento para o 2018, nin sequera se fixo ese acto de pedir propostas para a súa redacción, senón que directamente o elaboran sen posibilidade ningunha de participación e debate.

Tamén expresa que o que queda claro neste expediente e que o Orzamento segue sendo o mesmo que os dos últimos 6 anos, non cubre as necesidades dos estradenses e, sobre todo, mantén os gastos sen crear novos servizos nin atender ás novas necesidades da nosa sociedade e do rural, a pesares de que o seu grupo de goberno lles ofreceu a súa vontade de participar no deseño de estratexias para dar solución a estes asuntos, entre eles o problema de saneamento e traída de augas, mellora das infraestruturas rurais..., aspectos que podían haberse contemplado se o grupo de goberno houbera querido negociar e ter en conta as propostas da oposición.

Por outra banda, facendo mención ao incremento das partidas destinadas ás Escolas Deportivas, di que está de acordo co fomento do deporte, sen embargo lembra que o grupo de goberno cedeu instalacións deportivas municipais a empresas privadas, de tal xeito que agora os nosos pequenos vense na necesidade de entrear nas rúas; polo que pon en entredito a política do actual goberno.

Así mesmo fai mención ao apoio á agricultura e á gandeira, porque neste proxecto de Orzamento recóllese 15.000,00 € para á Feira da Becerra, máis 3.000,00 € para gastos de protocolo e 1.000,00 € para publicidade, sen embargo todo tradúcese nos últimos anos nunha cea cos gandeiros/as, non pode compartir que ese sexa todo o compromiso que se adquire coa agricultura e gandería estradense.

No relativo aos plans de emprego, considera que o único que se fai é cambiarlle o nome ou ben cambiar a partida por outra; o mesmo que pasa con respecto ás inversións no Polígono Industrial de Toedo, o que se traduce na perda de empresas en lugar a atraelas.

Finalmente, lamenta a forma de tramitación do Orzamento para o vindeiro ano, así como o seu contido, non créndose a xustificación do grupo de goberno sobre a necesidade de dar cumprimento aos prazos legais, polo que o seu grupo de goberno non pode compartir a política de xestión do goberno municipal, sobre todo no relativo á súa negativa de debater os orzamentos para o 2018 nas comisións correspondentes, porque soamente convocouse unha extraordinaria e urxente, con documentación entregada a curto prazo e que, ademais, limitaba a aportación de emendas, ditaminándose no mesmo día por maioría, confundindo así o concepto de democracia, convertindo esta sesión ordinaria nunha dación de conta dun proxecto de Orzamento no que a oposición non puido participar e que o seu grupo político non comparte.

Remata a Sra. Louzao dicindo que o grupo socialista non vai a participar neste xogo e que cando queiran cambiar se lles avise porque están dispostos a colaborar.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para lamentar os desprezo do grupo de goberno con respecto aos grupos da oposición de maneira xeral, en concreto cando non están dispostos a valorar as propostas ou aportacións ao proxecto de Orzamento para o vindeiro 2018, lembrándolle ao Sr. Alcalde que o é de todos os veciños/as estradenses e non só dos votantes do Partido Popular; polo que someter a esta sesión plenaria este expediente se dan oportunidade á oposición de participar na súa elaboración é unha manifestación de chulería, impropia dun goberno democrático.

Di que o Orzamento presentado continúa sen promover inversións transformadoras e dinamizadoras do concello e, polo contra, facilitan que A Estrada quede estancada e vaia perdendo peso económico, poboación e deterioro dos servizos.

Concello da Estrada



Considera que sería necesario recortar algunhas partidas e dotar de máis diñeiro outras. Propón promover o aforro en determinadas partidas, como, por exemplo, a de SOGAMA mediante a implantación do compostaxe comunitario, de xeito que se podería aforrar entorno a 45.000,00 € por familia ao ano; tamén na partida de máis de un millón e medio de euros destinada a estudos técnicos, a partida de 80.000,00 € para vestiario, e a partida de igual importe para gastos xurídicos; por outra banda, cre que se podería aforrar cumprindo a Lei de Contratos e que axuda a promover o aforro público e garante a adquisición de subministros e servizos a prezos máis competitivos. Propón, así mesmo, recortar directamente gastos superfluos que promoven o caciquismo, exemplo é a partida de gastos diversos por importe de 724.000,00 €. Di que feitos estes recortes se podería poñer en marcha medidas concretas para reducir a brecha entre o rural e o urbano, promover a dinamización económica do noso concello, ampliar o eixo social, reducir o impacto medioambiental, avanzar na elaboración dun plan de saneamento e de abastecemento de auga nas parroquias, establecer accións para poñer en valor os sectores produtivos como xeradores de emprego, buscar alternativa ao sector forestal, incentivar a agricultura ecolóxica, solicitar novos obradoiros de emprego para formar ás persoas en oficios que teñan demanda na actualidade, avanzar na mellora do funcionamento das depuradoras, mellorar a rede de sumidoiros do caso urbano, continuar coas melloras na rede de abastecemento de auga, adaptar as rúas para accesibilidade das persoas con mobilidade reducida, ampliar a cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de exclusión social ou pobreza, mellorar o servizo de axuda no fogar.

Crítica a decisión do grupo de goberno de demandar un centro de día, cando considera máis necesario un centro do maior, ao abeiro das necesidades e do porcentaxe de maiores no noso municipio.

A Sra. Mar Blanco sinala que o dito anteriormente son algunhas das deficiencias que observa neste proxecto de Orzamento, considerando que se debería ir traballando pouco a pouco para mellorar ditas cuestións, pero para elo sería necesaria a vontade do grupo de goberno.

Finaliza, dicindo que non comparte o fondo nin a forma utilizada para a elaboración do Orzamento para o exercicio 2018.

Inicia a súa quenda de intervención o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen comeza dicindo que este proxecto de Orzamento se caracteriza por dúas cuestións fundamentais: son continuístas e carecen de transparencia. No que respecta á falta de transparencia débese a que os prazos de debate ocúltanse, xa que a oposición non puido debater o Orzamento nas Comisións e, incluso, non foi posible que os axentes sociais coñecesen con tempo suficiente o Orzamento para poder estudalo e facer achegas (esperando que isto non sexa unha mostra de do novo concepto de democracia que ten o Partido Popular). Di que ao anterior hai que sumar un ocultamento reiterado dos investimentos (non son neste proxecto de Orzamento, senón que se trata dunha práctica habitual do actual grupo de goberno), acusación que basea en que os grupos da oposición e os colectivos sociais non teñen a previsión de cales van a ser as actuacións do goberno para poder debater e adecuar as mesmas á realidade do concello, porque teñen dereito a saber cales son as obras que se pretender executar (tanto con fondos propios ou non). O dito, deixa clara a falta de transparencia no relativo aos investimentos, considerando que será máis grave cando se execute a EDUSI, xa que a pesares de que dito proxecto presume de participación cidadá, os grupos da oposición (como representantes dos cidadáns) descoñecen os planes do grupo de goberno, ademais do impedimento de que participen no seu desenvolvemento mediante as súas propostas.

Continúa o Sr. Magariños dicindo que neste Orzamento observa unha reiterada presenza de créditos extraorxamentarios, ocultos e derivados de outros exercicios, que deberían estar incorporados ao orzamento e, sen embargo, ano tras ano, non o están.

Así mesmo, cando di que estes orzamentos son continuístas, remítese a que así se considera na Memoria da Alcaldía que consta no expediente, pero tamén por outras causas:

- Redución nos ingresos provenientes dos impostos de construción e licenzas



urbanísticas (igual ano tras ano), e que demostra a non viabilidade do PXOM e a necesidade de reformalo.

- Redución continuada da aportación municipal para proxectos de investimentos centrados unicamente en proxectos faraónicos, por exemplo a ampliación da alameda, deixando de lado outras cuestións como a realización de aparcamentos en superficie, agradecendo a vontade dos veciños que ceden os seus terreos, suplindo así a ineficacia do grupo de goberno con dedicacións exclusivas (as cales son innecesarias, xa que contamos con funcionarios eficientes); tamén deixase de facer outras actuacións como é o caso do Matadoiro.
- As previsións de ingresos manteñen a tónica dos derradeiros anos cunhas previsións que quedan lonxe da realidade, exemplo é o avance de contas do ano 2017 arroxa unha cifra de grao de adecuación con respecto ás propostas iniciais dos impostos indirectos de 35%. A este respecto di que lle gustaría saber, con respecto á cesión ao ORAL, as cifras de beneficio con motivo da dita cesión.
- Continuistas con respecto á deixadez sobre os sectores económicos e que fan que este Orzamento estea lonxe de ser o motor económico do concello, tal como dí a Memoria da Alcaldía, polo que lle gustaría saber en que se basea para tal afirmación. Aporta cifras de poboación que deixa constancia da súa redución tanto en número de habitantes como de persoas en idade de traballar, así como do aumento de persoas con idade superior aos 65 anos, sendo o noso concello un dos que ten o maior índice de avellentamento, deixando constancia das políticas económicas deste grupo de goberno.
- Continuistas porque o grupo de goberno quere facernos crer que fomento de emprego é contratar a persoas en risco de exclusión social, cando se trata de poñer as bases para que sectores produtivos medren e cren emprego estable e de calidade.

Dirixíndose ao Sr. Alcalde, lle di que lle gustaría saber que concellos nos teñen envexa, porque a realidade do día a día do noso concello non é para causar envexa. Mostra delo é, entre outras, as constantes roturas no abastecemento de auga, exemplo é o que está a ocorrer na Avda Fernando Conde, lembrándolle que esa rúa tamén pertence ao casco urbano.

Continuando coa súa intervención, o Sr. Magariños considera que as intervencións nesta sesión plenaria non se pode cualificar de debate, máis ben dun dar conta por parte do Alcalde do expediente do Orzamento para 2018, esperando que o Partido Popular retome a senda do debate como símbolo de intercambio de ideas, propia da democracia, recoñecendo aos membros da oposición como medio de control, aportación de ideas e que enriquecen a toma de decisións do goberno, aspectos que non se apreciaron na forma de actuar do grupo de goberno na última semana, aclarando que a oposición non está só para escoitar as argumentacións do goberno senón para máis cousas.

Intervén novamente o **Sr. Alcalde** trasladando o seu desexo de dar contestación a todo o anterior en cinco minutos, xa que moitas das cousas alegadas pola oposición carecen de sentido....

NESTE MOMENTO TODOS OS CONCELLEIROS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, BNG E MÓVETE ABANDONAN Á SESIÓN.

O **Sr. Alcalde** manifesta que se procederá á votación dos asuntos relativos á aprobación do límite máximo do gasto financeiro e do proxecto do Orzamento para o exercicio 2018, coa ausencia dos concelleiros dos grupos políticos da oposición



EXPEDIENTE 4422/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO FINANCEIRO QUE MARCARÁ O TEITO DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS DESTE CONCELLO PARA O ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 8

Non habendo máis intervencións e coa ausencia dos concelleiros dos grupos políticos de PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (por abandono da sesión) adoptáse por maioría (votos a favor do PP), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 09/11/2017, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o proxecto de Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2018, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria a que fan referencia os artigos 165 e ss do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Visto que con data 9 de novembro de 2017, iniciouse expediente para aprobar o límite máximo de gasto non financeiro.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 09/11/2017.

Visto que con data 09/11/2017 emitíuse informe pola Secretaría municipal en relación co procedemento e a lexislación aplicable

Visto o informe de 09/11/2017 da Intervención municipal sobre o cálculo do límite máximo de gasto non financeiro.

Vista a documentación que consta no respectivo expediente e de acordo coa mesma.

Visto o sinalado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas locais.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Conta na sesión celebrada o 13/11/2017

ACORDAMOS:

Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos deste Concello, para o Orzamento de 2018.

EXPEDIENTE 3328/2017 APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2018

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 8

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Non habendo máis intervencións e coa ausencia dos concelleiros dos grupos políticos de PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (por abandono da sesión) adoptáse por maioría (votos a favor do PP), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 09/11/2017 en uso das competencias que lle atribúe a lexislación de réxime local, en concreto o artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas locais,

Visto o proxecto de Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2018, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria a que fan referencia os artigos 165 e ss do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Visto o Informe de Intervención emitido con data 09/11/2017.

Visto o Informe da Secretaría municipal de data 09/11/2017.

Visto o resto da documentación que consta no respectivo expediente.

Visto o Ditame acado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión de 13/11/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A aprobación do proxecto de Orzamento para o exercicio 2018, segundo estados de gastos e ingresos e documentación anexa, e cuxo resúmen por capítulos é o que de seguido se indica:

| | ESTADO INGRESOS | | ESTADO GASTOS | |
|-----------------|---------------------------------|---------------|----------------------------------|---------------|
| | DENOMINACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
| CAPÍTULO 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 3.727.000,00 | GASTOS PERSOAL | 5.072.556,00 |
| CAPÍTULO 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 100.000,00 | COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS | 5.942.731,38 |
| CAPÍTULO 3 | TAXAS E OUTROS INGRESOS | 2.332.082,00 | GASTOS FINANCEIROS | 43.390,04 |
| CAPÍTULO 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 6.274.426,60 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 668.505,00 |
| CAPÍTULO 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 21.383,40 | | |
| TOTAL CORRENTES | | 12.454.892,00 | TOTAL CORRENTES | 11.727.182,42 |
| CAPÍTULO 6 | ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS | 18,00 | INVERSIÓNS REAIS | 599.664,00 |
| CAPÍTULO 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 90,00 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 90.024,00 |
| CAPÍTULO 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 15.000,00 | ACTIVOS FINANCEIROS | 15.000,00 |
| CAPÍTULO 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 350.000,00 | PASIVOS FINANCEIROS | 388.129,58 |
| TOTAL CAPITAL | | 365.108,00 | TOTAL CAPITAL | 1.092.817,58 |
| TOTAL INGRESOS | | 12.820.000,00 | TOTAL GASTOS | 12.820.000,00 |

Segundo.- Someter o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados á investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos correspondentes á liquidación do ano 2017, en aras ó establecido na disposición adicional 14ª do RDL20/2011 de medidas urxentes



en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que segue vixente, na redacción dada pola disposición final 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Terceiro.- Ratificar para o exercicio 2018 para o persoal laboral fixo a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino aos únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

| DENOMINACIÓN DO POSTO | NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO |
|--------------------------------|------------------------------------|
| Técnico de xestión | Nivel 26 |
| Traductor de galego | Nivel 26 |
| Director da Banda de Música | Nivel 24. |
| Profesores da Escola de Música | Nivel 24; 50% por xornada reducida |
| Asistentes sociais | Nivel 24 |
| Informático | Nivel 24 |
| Técnico Inserción Sociolaboral | Nivel 24 |
| Educador Familiar | Nivel 24 |
| Técnico Psicología C.I.M. | Nivel 24 |
| Auxiliares administrativos | Nivel 16 |
| Conserxes | Nivel 14 |
| Limpiadoras | Nivel 14 |
| Director gardería infantil | Nivel 24 |
| Monitor de tempo libre | Nivel 20 |
| Socorrista piscina | Nivel 20 |
| Vendedora entradas piscina | Nivel 14 |
| Limpiador vestiarios | Nivel 14 |

A inclusión do persoal laboral indefinido nesta relación, ven motivada nas sentenzas xudiciais que establecen a equiparación cos laborais fixos.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE OUTUBRO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos ditados durante o período comprendido entre o 16 e o 31 de outubro de 2017 (ambos os dous incluídos), que comprenden dende o número 2017-1156 ao número 2017-1253.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis intervención, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e unha horas cincuenta e un minutos.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233